

RESOLUCIÓN do 3 de setembro do 2024 da Comisión de Valoración, nomeada por Resolución do 29 de xaneiro do 2024, que deberá cualificar o proceso selectivo excepcional de estabilización, mediante o sistema de concurso, convocado pola Resolución do 29 de decembro do 2022 (DOG nº 248 do 30 de decembro do 2022) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación dos Niveis IV, V, VI, VII, VIII e IX, derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola que se realiza unha rectificación por erro na puntuación provisional do concurso.

Por resolución desta comisión de data 9 de xullo do 2024, e consonte coa Base III da convocatoria do proceso selectivo excepcional de estabilización, aprobáronse e fixéronse públicas as cualificacións provisionais do concurso de méritos.

Na dita resolución figuraron as seguintes puntuacións asignadas a Miguel López Cabido (DNI ***5691**) na categoría de Reporteiro/a Gráfico/a e a Salvador Pérez del Río (DNI ***1854**) na categoría de Operador/a Montador/a de Vídeo.

	Total	Total Exp. Prof.	Total Outros Méritos	Cursos, Titulacións e Celga	Procesos selectivos
Miguel López Cabido	72,72	42,72	30,00	15,00	15,00
Salvador Pérez del Río	63,36	33,36	30,00	15,00	15,00

Unha vez publicadas as puntuacións provisionais detectáronse erros na baremación do apartado da experiencia profesional no que a ambas as dúas persoas se lles consideraron uns períodos de tempo que non resultan puntuables consonte cos criterios adoptados pola comisión.

En vista do anterior, acórdase:

Primeiro.- Rectificar a puntuación provisional asignada a Miguel López Cabido (Reporteiro/a Gráfico) e Salvador Pérez del Río (Operador/a Montador/a de Vídeo) que quedan como segue:

	Total	Total Exp. Prof.	Total Outros Méritos	Cursos, Titulacións e Celga	Procesos selectivos
Miguel López Cabido	65,28	35,28	30,00	15,00	15,00
Salvador Pérez del Río	54,24	24,24	30,00	15,00	15,00

Segundo.- Os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas contra a nova puntuación provisional, dirixidas a esta Comisión no prazo de dez (10) días hábiles, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación na páxina web desta resolución.

Terceiro.- As alegacións presentaranse nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia ou nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e non se poderá presentar nova documentación xustificativa nin alegar novos méritos.

Cuarto- Vistas e resoltas as alegacións, ou transcorrido o prazo sen que se teñan presentado, a Comisión de Valoración publicará na páxina web da Corporación RTVG a relación coa valoración definitiva do concurso de méritos xunto co resto das persoas aspirantes.

Santiago de Compostela

Luis Míguez Macho

Presidente da comisión de valoración-Niveis IV-IX